

## **ORDENANZA Nº 20**

### **ORDENANZA REGULADORA DO PRECIO PUBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS E A UTILIZACIÓN DE INSTALACIONES MUNICIPALES PARA ACTIVIDADES CULTURAIS**

#### **Artigo 1º.- Fundamento legal**

De conformidade co establecido no artigo 41 do RDLeg 2/2004 de 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, establécese o prezo público pola prestación de servizos e a realización de actividades culturais, que se rexerá pola presente ordenanza.

#### **Artigo 2º.- Obrigados ó pagamento.**

Están obrigados ó pagamento do prezo público regulado pola presente ordenanza as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que procedan á utilización de calesquera instalación municipal así como os participantes nas actividades culturais organizadas polo Concello..

A obriga derivase da realización da utilización da instalación ou da participación na actividade de que se trate.

#### **Artigo 3º.- Exencións.**

Estarán exentas deste prezo público a utilización de instalacións que se vaian a realizar polos seguintes motivos:

A) A celebración de actividades, organizadas polo Colexio ou a ANPA onde participen xoves escolarizados no municipio.

B) Para as actividades organizadas polo Concello directamente ou ben a través doutras entidades ás que se lle conceda o patrocinio municipal.

C) As actividades, de carácter gratuito organizadas por entidades públicas, ou asociacións inscritas no rexistro de asociacións do Concello de Moeche con finalidades informativas ou divulgativas que redunden en beneficio dos veciños da localidade

#### **Artigo 4 Tarifas.**

##### **1) UTILIZACION DE INSTALACIONES:**

- Pola utilización das instalacións municipais, para a impartición de cursos, seminarios, e outras actividades análogas, por entidades privadas con fines mercantis ou que representen un beneficio económico para quen as organice:

1.-A.- Actividades concretas e específicas cunha duración dun día.- 25 €

1- B.- Organización de cursos e seminarios e outras actividades cunha duración de varios días.- 15 euros/día.

## 2) ACTIVIDADES

2.- A.- Cursos e obradoiros organizados directamente polo concello.- O prezo das matrículas cubrirá o 100% do custo da actividade, segundo o estudio de custos presentado polo Departamento de Cultura na súa proposta, correspondendo o órgano competente a aprobación individualizada de cada prezo a vista da proposta presentada.

2.-B.- Viaxes e excursións organizados polo Concello.- O prezo será fixado polo órgano competente, en función do número de participantes, de xeito que se cubra o custo total do mesmo.

2.-C.- Cursos ou actividades patrocinados polo Concello e concertados con entidades públicas ou privadas para a súa celebración.- Os participantes deberán aboar as cuantías fixadas pola entidade organizadora dos mesmos. Neste caso estableceuse unha matrícula anual, polo seguinte importe:

- Alumno matriculado nunha actividade.- o 50% do importe dunha mensualidade da actividade,.
- Alumno matriculado en dúas actividades.- o 45% do importe dunha mensualidade de cada actividade,.
- Alumno matriculado en tres actividades.- o 30% do importe dunha mensualidade de cada actividade..

3.- Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas, mediante informe técnico dos Servizos correspondentes, o órgano competente, poderá fixar un prezo que non cubra o custo das actividades, sempre que nos orzamentos exista consignación orzamentaria para a cobertura da diferenza existente

### **Artigo 5º.- Obriga de pagamento.**

1.- A obriga de pagamento nace no intre de solicitar a correspondente autorización, ou cando se teña comprobada a utilización das instalacións se se actuou sen a preceptiva autorización. O pagamento do prezo público efectuarase por ingreso directo na caixa da Tesourería municipal, con anterioridade á entrega da correspondente licenza ou autorización. O ingreso terá carácter de depósito previo, segundo o disposto no artigo 47.1 da Lei de Facendas Locais, elevándose a definitiva ó concederse a correspondente licenza ou autorización.

2.- No caso das actividades culturais, a obriga de pagamento no momento de formalización da correspondente inscrición. A renuncia a realización da actividade, unha vez iniciada este, non dará lugar a devolución de cantidade algunha, salvo que a actividade se suspenda por causas imputables o Concello.

### **Artigo 6º.- Gastos derivados da utilización das instalacións.**

Tódolos gastos derivados da utilización das instalacións municipais serán por conta dos organizadores dos actos a que correspondan.

O Concello esixirá, no seu caso, as indemnizacións polos desperfectos que poidan producirse en calquera das instalacións deportivas municipais ou pola perda ou deterioro de material de calquera natureza existente nas mesmas.

### **Artigo 8º.- Concertos económicos.**

As persoas, naturais ou xurídicas, que organicen actos nas instalacións obxecto da presente ordenanza reguladora, con carácter periódico, poderán solicitar ó Concello asinamento do correspondente concerto económico.

As condicións do mesmo serán fixadas sempre con sometemento ó procedemento legalmente establecido, e a aprobación dos concertos corresponderá á Alcaldía.

#### **Artigo 9º.- Tramitación das autorizacións.**

As instancias para solicita-la utilización das instalacións presentaranse nas oficinas municipais, alomenos dous días hábiles antes da data de utilización solicitada, e especificarán a data, hora e destino da utilización que se pretende, e serán resoltas polo alcalde, concelleiro de Cultura por delegación, animador cultural municipal ou encargado.

A autorización outorgarase segundo a orde de presentación de solicitudes, agás que pola Alcaldía, por razóns debidamente xustificadas, se aplique outro criterio diferente.

Adoptada a resolución pertinente, practicarase a notificación correspondente ós interesados.

#### **Artigo 10º.- Liquidación e recadación.**

O pagamento das liquidacións correspondentes as actividades de carácter non periódico, deberán efectuarse na conta do Concello no “ Banco Español de Crédito” ou “ Caixa Galicia”, sucursais de Moeche, coa antelación mínima de dous días á súa celebración.

No suposto de usos periódicos, as liquidacións resultantes efectuaranse por meses anticipados e antes do primeiro día do mes ó que correspondan.

A non celebración da actividade só dará dereito á devolución do prezo público aboadado, cando sexa o propio Concello o responsable da non celebración, non tendo o solicitante dereito a reclamar danos nin prexuízos.

#### **Artigo 11º.- Prioridades.**

Para o caso de que houberse varias peticións para un mesmo día solicitando a utilización do pavillón polideportivo, seguiríase a seguinte orde:

1º.- Actividades organizadas ou patrocinadas polo Concello

2º.- Actividades organizadas polo Colexio

3º.- Actividades organizadas por entidades públicas ou asociacións inscritas no rexistro de asociacións do Concello de Moeche

4º.- Actividades organizadas por entidades privadas. .

No caso de coincidencia de prioridades, terá preferencia a solicitude que teña entrada en primeiro lugar, e así sucesivamente.

#### **Disposición Final.**

A presente modificación da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos e a realización de actividades culturais, foi aprobada polo Pleno en sesión de 10 de novembro de 2011 e entrara en vigor o día seguinte da súa publicación no BOP permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas